

Antonio Lomba releva ao alcalde Freitas como candidato do PSOE na Guarda

**O enxeñeiro e profesor de Tecnoloxía ten unha longa experiencia na vida municipal e cultural guardesa
»Domínguez Freitas renuncia a presentarse tras 28 anos de servizo na corporación**

[eva gonzález](#) a garda 18.01.2015 | 04:03



Antonio Lomba Baz (dcha.) con José Manuel Domínguez Freitas, actual alcalde. // A. S. / E. G.

A agrupación socialista da Guarda optou pola renovación. Por unanimidade elixiu ao concelleiro de Cultura, Educación e Novas Tecnoloxías, Antonio Lomba Baz, como candidato a encabezar a lista que

concorrerá ás próximas eleccións municipais. A agrupación dá este paso na "liña histórica de substitución organizada" tras coñecer, con tempo, a decisión do actual alcalde, José Manuel Domínguez Freitas, de non repetir como candidato, despois de servir "como concelleiro e rexedor municipal durante 28 anos".

Antonio Lomba Baz, de 51 anos, opta así á Alcaldía nas municipais de maio. É concelleiro socialista na Guarda desde o ano 2003 e forma parte do goberno municipal desde o ano 2007, polo que "ten unha longa experiencia na vida municipal", valora o secretario xeral da agrupación socialista guardesa, Miguel Español Otero.

Destaca como logros do agora candidato a política cultural levada a cabo nestes anos e unha "estreita e proveitosa política educativa". Entre os últimos proxectos culturais sobresaen as exposicións dos valorados artistas Jorge Barbi, Xavier Pousa, **Xoán Piñeiro**, Alicia Alonso, entre outros. No campo profesional, Antonio Lomba é enxeñeiro e exerce como profesor de Tecnoloxía desde hai 14 anos no IES da Sangriña. "O seu alumnado sabe da súa valía como profesor motivador. Os seus alumnos recibiron un bo número de prestixiosos galardóns por proxectos innovadores", entre os últimos o Campionato Internacional de Modelado en 3D, con móbil, que gañaron alumnos de 4º de ESO.

A agrupación socialista da Guarda iniciou hai tempo os traballos para determinar a novo cabeza de lista, unha vez coñecida a decisión de Freitas. "Hoxe podemos anunciar que contamos cun inmellorable candidato. Rigor, responsabilidade e traballo son tres características fundamentais de Antonio Lomba", resaltan desde o partido. Como explica o secretario xeral, un grupo de traballo define as liñas de precampaña. "O labor realizado nos últimos oito anos, un proxecto de futuro ambicioso e realista, unha boa lista e un mellor candidato, serán as armas que poremos sobre a mesa para seguir contando co respaldo maioritario das guardesas e guardeses".

O últimos catro anos, con goberno sen maioría, non foron tarefa fácil para o actual alcalde nin para o resto do grupo. Aos efectos xerais de crises e desemprego, sumáronse as execucións de sentenzas de derriba de casas unifamiliares, que levan indemnización aos propietarios que levantaron con licenzas mal concedidas polos gobernos de catro corporacións distintas. O gran aval segue sendo o potencial turístico da vila: as praias e o monte de Santa Trega, como eixo de atracción.